

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 18 DE MAIO DE 2023

SEÑORES/AASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezoito de maio de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

oito horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### ***1.- ACTA ANTERIOR***

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 12 de maio de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### ***2.- ADHESIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO EN PROXECTO SUBVENCIONABLE PRESENTADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO MARCO DA ORDE TER/836/2022, DO 29 DE AGOSTO***

Dáse conta aos/ás membros da Xunta de Goberno Local da liña e o proxecto escollido pola Deputación de Pontevedra para ser desenvolvido neste Concello, no caso de ser beneficiario das subvencións da Orde TER/836/2022.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Manifestar de xeito expreso a participación deste Concello no seguinte proxecto presentado pola Deputación de Pontevedra no marco da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto:

Liña 5 (obrigatorio). Interoperabilidade de servizos básicos de Administración dixital.

(integración do servizo de Carpeta Cidadá co xestor de expedientes Gestiona para aqueles concellos adheridos ao Proxecto Provincial de Administración Electrónica)

— Carpeta cidadá.

Segundo.- Comprometerse, no caso de que dito proxecto resultase beneficiario de fondos da convocatoria do Ministerio de Política Territorial, a facilitar os medios necesarios para a súa execución e a comunicar e divulgar as accións do proxecto e dous seus patrocinadores.

### ***3.- AUTORIZACIÓN PARA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “VACACIÓNS EN PAZ 2023”***

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as que o Concello vén de colaborar dende hai xa moitos anos nos diferentes programas de “Vacacións en Paz”, facilitando o custe do transporte de menores saharauis que veñen pasar un período de vacacións acollidos de xeito xeneroso por familias do municipio. Igual cos últimos anos, no presente imos colaborar no acollemento de dous/dúas (2) menores no noso Concello. A achega municipal consiste non financiamento dos gastos de transporte dos nenos/as a acoller.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui para o

desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz 2023”, co contigo íntegro que se sinala no Anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas do acordo de colaboración e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine o acordo de colaboración e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

#### ANEXO

CONVENIO DA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI CO CONCELLO DE RODEIRO

#### REUNIDOS:

Dunha parte Dona Maite Isla Avión, con DNI núm. [REDACTED], en calidade de presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, co CIF- [REDACTED].

Doutra parte Don Rubén Perfecto Quintá Quintá, con DNI núm [REDACTED], en calidade de alcalde-presidente do Excmo. Concello de Rodeiro.

#### INTERVEÑEN:

En nome e representación das súas respectivas Institucións e recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse a subscribir o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN entre ambas entidades.

#### EXPOÑEN:

“PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2023 NO CONCELLO DE RODEIRO”

As Vacacións en Paz preséntanse nun marco de solidariedade e axuda desinteresada co fin de propiciarlles unha estancia agradable e humanamente rica aos nenos e nenas saharauis. Este programa dá a coñecer formas distintas de vida, de maneira que iso contribúa, non so na súa formación, senón tamén en mellorar e potenciar a comunicación e o entendemento entre o noso pobo e o pobo Saharai.

Os obxectivos específicos do programa Vacacións en Paz serán:

- 1.Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharauis a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven.
- 2.Facilitar asistencia médica e de alimentación.
- 3.Promover, entre a sociedade galega, os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade.
- 4.Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelán e galega que estudan nos seus programas escolares.
- 5.Ofertar unha alternativa de ocio e tempo libre.
- 6.Evitar a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por teren as temperaturas máis altas (máis de 50º á sombra).

Tendo en conta:

PRIMEIRO: Que o presente Convenio ten por obxecto regular o desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz 2023” durante os dous meses do verán (xullo e agosto) nos que nenos/as do pobo saharai estarán no Concello de Rodeiro.

SEGUNDO: O Concello de Rodeiro responsabilizarase de:

1. Aporte económico para os billetes dos/as menores que serán acollidos/as no Concello de Rodeiro.
2. O pagamento efectuarase tras a sinatura do convenio.

TERCEIRO: Que a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, RESPONSABILIZARASE de:

1. Facer un seguimento exhaustivo dos proxectos conxuntamente coa Delegación Saharai para Galicia para que todos os compromisos se cumpran.

ACORDAN:

PRIMEIRO: Establecelo presente Convenio de colaboración entre o Concello de Rodeiro e a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai, en orde a unha mellor coordinación dos programas presentes e futuros a desenvolver.

SEGUNDO: Os presentes comprométense a manter entre si un fluído intercambio de información en todos aqueles aspectos que sexan relevantes.

TERCEIRO: O ámbito de colaboración estará orientado preferentemente ós seguintes campos de actuación:

A apoiar o Proxecto "Programa de Vacacións en Paz 2023 no Concello de Rodeiro, evitando con esta viaxe que as nenas e nenos permanezan os meses de calor de xullo e agosto nos campamentos con temperaturas en ocasións de 50º, facilitar asistencia médica e de alimentación, colaborar con esta subvención a sufragar os pasaxes dos nenos e nenas acollidos no Concello. Despois de dous anos de pandemia da COVID-19, é máis necesario que nunca que as nenas e nenos saharauís pasen 2 meses de verán con familias en Galicia.

CUARTO: O custe do pasaxe de cada menor saharai Tindouf-Santiago/ Santiago-Tindouf é como en anos anteriores de 890 €. Polo que a achega económica por parte do Concello de Rodeiro, para o Programa "Vacacións en Paz 2022", para contribuír a sufragalos gastos derivados da súa execución, será de 1.780 €.

O ingreso farase tras a sinatura do presente convenio na conta seguinte: A Banca - [REDACTED].

QUINTO: A vixencia deste Convenio rematará o 30 de decembro, prorrogándose este para o ano seguinte de continuar co mesmo proxecto no Concello de Rodeiro e sempre que ambas partes estean de acordo.

Este convenio surtirá efecto dende a data de asinamento.

En proba de conformidade as partes asinan o presente Convenio en Rodeiro a:

#### ***4.- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓNS DAS SONDAXES EN RELACIÓN A OFERTAS DE TRABALLO PRESENTADAS ANTE O SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA (SPEG)***

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno das seguintes incidencias en relación coa provisión de determinados postos de traballo acordada na sesión deste órgano de data 12 de maio do corrente:

- Posto de traballo de enxeñeira forestal: A candidata seleccionada Laura Pardo Pumar presentou escrito de renuncia ao posto de traballo (RE-E núm. 301, do 12/05/23).

- Posto de traballo de auxiliar do SAF a tempo parcial: A candidata seleccionada Consuelo Crespo López optou polo posto a xornada completa para o que fora asemade seleccionada.

Tendo en conta a subsistencia de vacantes non ditos postos de traballo convocados e ao obxecto de poder acadar a necesaria provisión dos mesmos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Solicitar do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) as ampliacións das sondaxes correspondentes ás ofertas de traballo núm. ■■■■■ e ■■■■■, respectivamente.

## **5.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO DENOMINADO “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE LAVADOIROS (LAXAS, SANTA MARIÑA E AZ)”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2023**

### ANTECEDENTES

Primeiro.- A motivación del presente contrato vén fundamentada nas competencias que o Concello ostenta relativa á “*conservación e rehabilitación da edificación*” e “*outros equipamentos da súa titularidade*”, segundo o establecido no artigo 25.2 a) e d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida pola Deputación de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023 (expediente núm. ■■■■■).

Segundo.- Coa presente contratación non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte:

## ACORDO

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE LAVADAIROS (LAXAS, SANTA MARIÑA E AZ)” á sociedade CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L., con CIF núm. ██████████, e con domicilio social no lugar de Arcas, parroquia de Guillar, ao prezo de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (48.339,54 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto básico e de execución, aprobada por resolución da Alcaldía de data 01/12/22, redactado polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome.

Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á correspondente partida orzamentaria do presuposto en vigor.

Terceiro.- Designar director da obra ao facultativo redactor do proxecto.

## **6.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ULLA OIL S.L. 1.071,47 €  
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 432961 (FACe).
- MARÍA ELENA JORGE MATO 58,71 €  
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 61,91 €  
Por taxa de ITV do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 361323FC0002563.
- RAPOSO ABOGADOS S.L.P. 1.815,00 €  
Por asistencia letrada en recurso de apelación contencioso-administrativo, s/factura núm. 31/2023.
- MAPFRE VIDA S.A. 784,56 €  
Por seguro anual de accidentes da AVPC, s/recibo.

- NOELIA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ 1.952,50 €  
Por organización e desenvolvemento do proxecto de prevención da violencia de xénero e educación en igualdade “*Rompe, xoga en igualdade*”, s/factura núm. 2023004 (subvención Pacto de Estado contra a violencia de xénero).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 896,50 €  
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. C 9878.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 153,67 €  
Por traballos de reparación da calefacción do Centro de Saúde, s/factura núm. 40/23.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 248,05 €  
Por traballos de reparación do abastecemento de auga en Arcas, s/factura núm. 41/23.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 552,66 €  
Por diversas reparacións do camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 9879.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 981,16 €  
Por subministro de combustible aos camiións de recollida do lixo no mes de abril de 2023, s/factura núm. FA – 643.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.316,07 €  
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de abril de 2023, s/factura núm. 2023/1169 (FACe).
- SERTEGO SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES S.L.U. 457,48 €  
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 1001238E2302355 (FACe).
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 4.585,42 €  
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041220330 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
*(sinatura dixital)*

O alcalde,  
*(sinatura dixital)*